



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e corenta minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez;; actuando como Secretaria a do Concello D^a. Paula Ramos Díaz e como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3371.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30/03/2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta da acta anterior da sesión realizada o 30/03/2010, núm. 435 e non solicitándose rectificación ningunha esta queda aprobada por unanimidade.

3372.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3361.- MOCIÓN A FAVOR DA EMENDA AO "PROYECTO DE LEY GENERAL DE NAVEGACIÓN MARÍTIMA" QUE CONTEMPLE A INTRODUCCIÓN DUNHA DISPOSICIÓN ADICIONAL TITULADA "PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO MARÍTIMO FLOTANTE. ESTATUTO JURÍDICO DE LAS EMBARCACIONES HISTÓRICAS Y TRADICIONALES".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á federación Galega pola Cultura Marítima e fluvial e á Comisión de Justicia del Congreso;

3362.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN CONTRA DA SUPRESIÓN DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3363.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE PRÉSTAMO LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS 2010.- Uniuse certificación ao expediente e remitíronse as invitacións ás entidades financieras; 3364.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PRESENTADA O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2010, SOBRE INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO NOS LUGARES DE SAN MARTIÑO E RIAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente; 3365.- MOCIÓN DO PSG-PSOE, SOBRE SERVIZO DE SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO, RIAL E NAS "TESTADAS" DE CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3366.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE 04/09 INVESTIGACIÓN DE OFICIO SOBRE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE POSIBLE CAMIÑO EN ZAPATA -SAN XOÁN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse aos interesados e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3367.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE 02/09 INVESTIGACIÓN DE OFICIO SOBRE CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE POSIBLE CAMIÑO EN CAMPELO-POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse aos interesados e deuse traslado á Audiencia Provincial; 3368.- DAR CONTA SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de SERVIZOS Sociais para a súa incorporación ao expediente; 3369.- COMPARECENCIA DO SR. FRANCISCO PIÑEIRO MURILLO, CONCELEIRO DELEGADO EN MATERIA DE SEGURIDADE CIDADÁ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3370.- COMPARECENCIA DA SRA. CONSUELO BESADA LORES, CONCELEIRA DELEGADA EN MATERIA DE PERSOAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente".

A Corporación dáse por enterada.

3373.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas deste o último Pleno Ordinario as que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a corporación dáse por enterada.

3374.- ESTATÍSTICA, CREACIÓN DE DÚAS NOVAS SECCIÓNS (01-007 E 01-008) NA PARROQUIA DE SAN SALVADOR.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado o que foi sometido a ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de abril de 2010 co seguinte detalle: "Dáse conta do expediente e da proposta da alcaldía de data 8 de abril de 2016 que di o seguinte "Visto o escrito do Delegado Provincial da Oficina do Censo Electoral, de data 7 de agosto de 2009, no

que se nos comunica que "cada sección inclúe un máximo de dous mil electores e un mínimo de quinientos", e dado que este Concello de Poio ten dúas seccións do distrito 1 (01-001 e 01-004), pertencentes á Parroquia de San Salvador, cun número de electores próximo aos dous mil electores, esta Alcaldía **PROPÓN** que se debe modificar o seccionado, consistente na creación de dúas novas seccións (01-007 e 01-008), sen modificar os lugares e o número de mesas electorais correspondentes, quedando según se indica no **ANEXO** e que se comunique este acordo aos Servizos Municipais correspondente, e á Unidade do Padrón Municipal de Habitantes para que o comunique a Oficina do Censo Electoral e realice as modificacións oportunas no Padrón Municipal de Habitantes."

A Comisión, por unanimidade de asistentes, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar o distrito 1, Sección 001 e 004 pertencentes á parroquia de San Salvador e crear dúas novas seccións, 01-007 e 01-008, sen modificar os lugares e número de mesas electorais correspondentes.

Segundo: Comunicar este acordo aos servizos municipais e á unidade que Padrón Municipal de habitantes para que o comunique a Oficina do Censo Electoral e realice as modificacións oportunas no PMH.

3375.- ESTATÍSTICA, PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DIVISIÓN MESAS ELECTORAIS NO DISTRITO 01, SECCIÓN 005 NA ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de abril de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da proposta da alcaldía de data 16 de marzo de 2009 que di textualmente:"Visto o listado de Mesas Electorais pódese observar que dúas delas teñen ó redor dos 800 electores (01 - 005 Mesas A e B no Local Electoral ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO) o que fixo que no último proceso electoral se demore excesivamente o escrutinio e dado que existe espazo suficiente para colocar unha mesa máis, esta Alcaldía **PROPÓN** que para as sucesivas eleccións se distribúan ditas mesas da seguinte forma:

Distrito 01, Sección 005: **Mesa A**, comprendendo os apelidos "A-F"; **Mesa B**, comprendendo os apelidos "G-M" e **Mesa C**, comprendendo os apelidos "N-Z", sendo o mesmo Local Electoral de "ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO" en Rúa Beiramar

nº 74 do lugar de Campelo.”

A Comisión, por unanimidade de asistentes, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non subscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a distribución proposta no escrito do Alcaldía quedando da seguinte maneira:

Distrito 01-005: Mesa A, comprendendo os apelidos A-F; Mesa B, comprendendo os apelidos G-M e Mesa C, comprendendo os apelidos N-Z sendo o mesmo local electoral de EScola de Música de Campelo en rúa Beiramar, 74 do lugar de Campelo.

Segundo: Comunicar este acordo aos servizos municipais e á unidade que Padrón Municipal de habitantes para que o comunique a Oficina do Censo Electoral.

3376.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN IMPOSTO CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO), EXPTE. Nº 35/10 DE D. MANUEL AROSA MUÑIZ.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de FACenda, Gobernación e Contas de data 20 de abril de 2010 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia do propietario da edificación que se pretende rehabilitar dentro da Area de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo, prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, de data 8 de marzo de 2010, polo que se informa favorablemente o expediente de rehabilitación en dita area, así como do informe da intervención municipal, de data 25 de marzo de 2010, de que a ordenanza fiscal preve a concesión dunha modificación individual de ata o 95% da cota que resulte por aplicación do tipo impositivo previsto para as vivendas unifamiliares e que a bonificación ten que aprobarse polo Pleno do concello por maioría simple.

A Comisión por unanimidade acordou propoñer ao Pleno a aprobación da bonificación do 95% da cota do ICIO da obra Expte. 35/10 D. Manuel Arosa Muñiz e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar ao propietario o 5% do ICIO.”

Non subscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas

adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a bonificación do 95% da cota do ICIO da obra correspondente ao expediente 35/2010 de D. Manuel Arosa Muñiz e que se realicen os trámites correspondentes para liquiar ao propietario o 5% do ICIO.

Segundo: Comunicar este acordo ao Departamento de Urbanismo, Intervención Municipal e ao interesado comunicándolle que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3377.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE PRÉSTAMO LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS 2010.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e contas de data 20 de abril de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta da acta da Mesa de Contratación realizada polos membros da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o día 14 de abril de 2010 e que di textualmente: "A Secretaria da conta do

expediente e das cinco propostas de préstamo por importe de 1.020.000 € presentadas, todas o día 13 de abril de 2010, por entidades bancarias que, por orde de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio, son as seguintes: 1ª) CAIXANOVA, co nº 2060 no Rexisto Xeral deste Concello de Poio. 2ª) CAIXAGALICIA, co nº 2061 no Rexistro Xeral deste Concello de Poio. 3ª) BBVA, co nº 2067 no Rexistro Xeral deste Concello de Poio. 4ª) "la Caixa", co nº 2077 no Rexistro Xeral deste Concello de Poio e 5ª) Banco Pastor, co nº 2078 no Rexistro Xeral deste Concello de Poio.

Acto seguido o Presidente da Comisión procede á apertura dos cinco sobres polo orden anteriormente citado, sendo a Secretaria a que, a viva voz, fai lectura das propostas e que son as seguintes:

1ª) **Caixanova:** presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe: 1.020.000,00€

Tipo de interés: Euríbor 1 año + 1,90 puntos

Revisión: Anual

Liquidación de intereses: Trimestral

Prazo total de vixencia: 20 anos

Carencia de amortización: 2 anos

Comisións: exento

Amortización: Trimestral

Intervención: Asinarase ante o Secretario do Concello. O Concello comprométese a elevar a público o contrato cando asó o estime necesario Caixanova. Neste último caso, os gastos serán por conta de Caixanova.

2ª) **Caixa Galicia:** presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe: 1.020.000€

Prazo: 240 meses

Período de carencia: 24 meses

Período de amortización: 216 meses

72 cuotas de amortización trimestrais (cotas compresivas de capital e intereses)

Tipo de xuro: Euríbor de 12 meses + 1,50% (Liquidación por trimestres naturais vencidos).

Comisións: Exento

3ª) **BBVA:** presentan dúas ofertas, unha cun tipo de interés fixo e outra cun tipo de interese variable.

o **Tipo interés fixo:**

Importe: 1.020.000€

Duración da operación: 20 anos
Prazo de amortización: 18 anos (72 cuotas trimestrais consecutivas)

Prazo de carencia: 2 anos

Liquidación de intereses: trimestral

Tipo de interés fixo: 4,95%

Comisión de apertura: 0

Comisión de amortización e cancelación anticipada: non existe unha comisión como tal pero si un COSTE A MERCADO QUE PODE SUPONER UNHA PERDA OU GANANCIA PARA O CONCELLO.

Comisión de estudio: 0

Comisión de disponibilidad: 0

o **Tipo de interés variable:**

Importe: 1.020.000€

Duración da operación: 20 anos

Prazo de amortización: 18 anos (72 duas cuotas trimestrais)

Carencia: 2 anos

Liquidación de intereses: trimestral

Tipo de interés variable: Euríbor anual mais 1,38%.

Comisión de apertura: 0

Comisión de amortización e cancelación anticipada: 0

Comisión de estudio: 0

Comisión de disponibilidad: 0

4ª) **"la Caixa"**: presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe: 1.020.000€

Plazo: 18 anos + 2 anos de carencia

Referencia: Euribor anual

Diferencial: 1,43

Comisións apertura/estudio: 0%

Comisións amortización/cancelación: 0%

Póliza intervenida (S/N): S

Otras características: Garantía Persoal

5ª) **Banco Pastor**: presenta unha oferta coas seguintes condicións:

Importe 500.000 Euros

Prazo 216 meses (18 anos)

Carencia de amortización do capital 24 meses

Liquidación trimestral

Amortización trimestral

Tipo de interés variable: Euribor (rt 11 Hr) 12

meses + 1.50

Tipo aplicable primeros doce meses: 2.75%

Revisión cada 12 meses.

Suelo 0%

Comisión de apertura 0%

Comisión de cancelación, total o parcial, 0%

Gastos de estudio 0%

A Comisión acorda que pasen as cinco propostas presentadas a informe da intervención municipal para a emisión do correspondente informe, e a próxima Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas." e do informe da intervención municipal de data 15 de abril de 2010, sobre a valoración das ofertas presentadas con relación a operación de crédito a largo prazo para financiación dos investimentos previstos no Orzamento para o exercicio 2010 por un importe de 1.020.000€ e manifestando que parece claro que a oferta máis ventaxosa é a presentada por o BBVA que establece como tipo de interese variable euríbor anual máis un diferencial de 1,38%.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a diferenza entre as propostas é máis ben pequena pero que, segundo o prego de condicións, a que máis se axusta é a do BBVA co tipo de interese variable.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adxudicación do contrato de préstamo co BBVA co tipo de interese variable".

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián manifestando que se trata de contratar o préstamo previsto no orzamento para financiar os investimentos previstos para o ano 2010, que agora os orzamentos están publicados, pódese proceder á súa concertación e por outra parte que claro que a mellor oferta é a presentada polo BBVA.

O Sr. Domínguez Lino di que o Partido Popular segue votando en contra deste tipo de financiamento.

A continuación mostra un gráfico onde se mostra a débeda de Poio e engade que unha imaxe vale máis que mil palabras e esta imaxe ven a demostrar as políticas económicas nefastas dos últimos anos do bigoberno do Sr. Sobral e da Sra. Besada. Temos a débeda por habitante máis alta que as sete grandes cidades de Galicia. Mentres que en Poio elévase a 558 € (según datos do Ministerio de Economía e Facenda referidos a 31-12-2009) repito mentres que Poio é de 558 € por habitante temos vigo con 126 € por habitante, Pontevedra con 281 € por habitante Ferrol 350 € por habitante e A Coruña 309 € por habitante.

É dicir, aquí se reflote a súa nefasta política económica e a súa nula planificación. Insisto, esta imaxe (gráfico) vale máis que mil palabras.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que non sabe como calificar a intervención do Sr. Dominguez, xa que nos está a comparar con Vigo que ten 300.000 habitantes. O Consello de Contas agrupa aos municipios por habitantes para comparar. Podería ser comparable Poio con Sanxenxo pero non Poio coas grandes cidades (Poio 558 € Sanxenxo 797 por habitante) e podemos seguir comparando con concellos na nosa categoría e iso o di o Consello de Contas no último informe que tamén fala da carga financeira e Poio ocupa o núm. 1, Verín 11,28, Sanxenxo 11,89... Poio está un pouquiño por debaixo da media.

Tamén fala da débeda total de Poio que ocupa o lugar 17.

Non nos compare co que non é comparable e non se pode mentir para querer poder. Esa é unha información panfletaria e mentireira.

A Sra. Besada Lores di que está a comparar a Poio coas cidades máis grandes de Galicia pero debería de compararnos con concellos similares Pontecaldelas, Barro que teñen maior débeda.

O Sr. Domínguez Lino di que o da débeda non é un invento do Partido Popular, en Sanxenxo soamente contan os habitantes empadroados.

Bueu 140 € por habitante, Marín 127 € por habitante e Pontecaldelas 183 € por habitante.

O Sr. Barreiro Lubián di que tamén hai que ver os orzamentos que manexa cada Concello. O que non fai esforzo fiscal non se pode endebedar. A carga fiscal é do 78% e en Bueu o 94%. O endebedamento de Sanxenxo duplica o do Concello de Poio.

Se Deputación e a Xunta se endebedan non pasa nada, non se critica porque goberna o PP.

Nin a débeda de Poio é tan pequena para dicir que non estamos endebedados nin tan grande para dicir que somos os que máis estamos, estamos na media de todos os concellos.

O Sr. Alcalde di que cando se compara a débeda dos Concellos e a débeda de deputación fálase dos concellos que non poden pagar as nóminas gustaríame saber quen son. Tamén saliu un informe que de que hai moitos concellos que teñen carga fiscal 0 e non poden endebedarse. Este Concello ten capacidade suficiente de crear recursos e hai que aproveitalo. Cousa que a Xunta estase empeñando e cada vez

hai máis parados.

Rematado o debate, de conformidade coa informe emitido pola Intervención, sometido o expediente a votación ordinaria, de conformidade co estipulado nos arts. 48 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), e por tanto, maioría absoluta do número legal de membros da corporación e sete votos en contra (7 PP, o Pleno acordou:

Primeiro.- Concertar unha operación de crédito a longo prazo coa entidade financeira Banco Bilbao Vizcaya (Tipo de interese variable) nas seguintes condicións: Importe: 1.020.000€; Duración da operación: 20 anos; Prazo de amortización: 18 anos (72 dúas cuotas trimestrais); Carencia: 2 anos; Liquidación de intereses: trimestral; Tipo de interese variable: Euríbor anual mais 1,38%; Comisión de apertura: 0; Comisión de amortización e cancelación anticipada: 0; Comisión de estudio: 0; Comisión de disponibilidad: 0.

Debendo formalizarse diante da Secretaria do Concello, facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

Segundo.- Dar conta do presente acordo a entidade adxudicataria así como as restantes participantes no expediente con indicación de que que contra o mesmo poden, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascuro do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba

entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3378.- INTERVENCIÓN, INFORME DE REPARO RELATIVO A DIVERSAS FACTURAS EMITIDAS SEN EXISTIR CRÉDITO PRESUPUESTARIO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de abril de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe de reparo da intervención municipal de data 15 de abril de 2010 sobre facturas correspondentes a gastos do capítulo VI do estado de gastos contraídas sen existir crédito orzamentario para a súa aprobación, onde se pon de manifesto a existencia de facturas presentadas no concello durante os meses de febreiro, marzo e abril, que son as que se relacionan no anexo que forma parte do devandito expediente e que ascenden a un total de 86.400,03 € e que en virtude do artigo 217.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Regulada das Facendas Locais, corresponderá ao pleno resolver as discrepancias plantexadas con relación as facturas mencionadas existindo crédito suficiente no orzamento para o exercicio 2010 para dar cobertura as mesmas se o Pleno decide levantar o presente reparo.

O S. Moldes Martínez pregunta sobre a factura de viveros O Piñeiro S.L. por valor de 9.719,02 a que se refire.

O Sr. Barreiro Lubián respóndelle que pon que é en A Seca pero que non lle pode dicir se pertence ao "Parque da Memoria" porque non o teño claro, preguntarémolo.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se a factura de Consultora Galega, S.L. se non está dentro de un plan de contratación.

O Sr. Barreiro contesta que si pero que ten crédito comprometido mediante un contrato por anualidades, non é nada a maiores.

Sometido a votación o levantamento do reparo das facturas que forman parte do anexo que consta no expediente, acordouse informar favorablemente dito asunto por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP e propor ao pleno a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián explica que se trata de facturas con gasto executado antes de aprobarse o ornamento e no momento da súa emisión non existía crédito.

O Sr. Domínguez Lino pregunta pola factura do Viveiro O Piñeiro.

O Sr. Alcalde explica que non ten nada que ver coa obra do parque da Memoria, son traballos da zona do invernadoiro (na zona onde está o quiosco) e ao longo do aparcadoiro plantáronse unhas árbores e demais melloras do recinto que non teñen que ver co parque.

Unha vez rematado o debate procédese á votación do asunto o que a corporación por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE) , 7 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o levantamento do reparo do informe da intervención de data 15 de abril de 2010

Segundo: Proceder ao recoñecemento do gasto que ascende a un total de 86.400,03 € e que se proceda ao seu pagamento, de conformidade co informe da intervención municipal e que consta no expediente.

3379.- PERSOAL FUNCIONARIO, SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DO POSTO DE ENXEÑEIRO SUPERIOR PARA O DESEMPEÑO DA DEVANDITA PROFESIÓN FORA DO TERMO MUNICIPAL.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da solicitude presentada por D. José Luis Arias Rodríguez na que solicita a compatibilidade do posto de enxeñeiro superior, funcionario interino, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades, para a libre exercicio da devandita profesión fora do termo municipal.

Dita solicitude foi informada pola Intervención Municipal de data 29 de marzo de 2010, Secretaría Xeral de data 14 de abril de 2010 e ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20/04/2010.

De conformidade co disposto no artigo 92 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por D^a. Consuelo Besada Lores, Concelleira Delegada de Persoal, solicita que se retire o expediente da orde do día coa finalidade de que se incorporen ao expediente informes e documentos para a adopción dunha resolución.

Sometida a votación a solicitude realizada pola Concelleira Sra. Besada Lores esta queda aprobada por

unanimidade.

3380.- APROBACIÓN PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación do Programa de Prevención e Control do Absentismo Escolar do Concello de Poio, informado pola Secretaria Xeral do Concello con data 05 de abril de 2010 e sometido a consideración da Comisión Informativa de Cultura e Educación do Concello de Poio de data 12 de abril de 2010 e que di textualmente: ""

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Villaverde Méndez e pregunta se o motivo do tratamento en Pleno é porque se o queren implantar no curso que ven.

Contesta a Sra. Senra Lorenzo que efectivamente se trata dun programa que se foi elaborando como noutros concellos, e consta dun apartado especial do colectivo do Bao.

A Sra. Fernández González di que se leva traballando cos colexios e é certo que se adiante para poder aplicalo, senón ao mellor se nos demoramos non podemos aplicalo e agora é moi complicado traballar sobre todo no tema do Bao.

Sometido a votación a aprobación do do Programa de Prevención e Control do Absentismo Escolar do Concello de Poio este quedou aprobado por unanimidade adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao Programa de Prevención e Control do Absentismo Escolar do Concello de Poio e que se someta o mesmo á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios do Concello de Poio.

MOCIÓNS URXENTES.- Presentáanse as seguintes.

3381.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TÚÑEZ E JOSÉ A. HERMO TÚÑEZ, DE DATA FEBREIRO DE 2009.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, en virtude do disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 27 de abril de 2010 e que di o que segue: "E previa lectura do

informe emitido o día 08/03/2010 polo Asesor Xurídico do Concello, que di textualmente:

“Visto dito proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de ordenación Municipal de Poio, en rúa Peirao do lugar de Barca da parroquia de San Salvador, e o disposto no Plan de Ordenación Municipal vixente, na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro e na lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO: Por acordo do Pleno do Concello de Poio, núm. 3269, de 30 de xuño de 2009 rectificáronse os erros producidos no procedemento de modificación puntual, aclarándose que o proxecto de modificación puntual obxecto deste expediente era ó entregado no Concello en febreiro de 2009 e redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Tuñez.

SEGUNDO: Por oficio da Alcaldía de 17 de xullo de 2009 remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o proxecto de modificación puntual indicado, ós efectos de emisión do informe correspondente, de conformidade co disposto nos art. 112 a), 117.1) da lei de Costas, de 22 de xullo de 1988 e 210 do seu regulamento; e transcorrendo con exceso o prazo de un mes que tiña dita Consellería para a emisión do informe, ó non recibirse o mesmo, pode continuarse coa tramitación do expediente de modificación puntual.

TERCEIRO: Por oficio de 27 de xullo de 2009 remitiuse ó Ministerio de Medio Ambiente - Dirección Xeral de Costas o proxecto de modificación puntual indicado, ós efectos de emisión do informe correspondente, de conformidade co disposto nos art. 112 a), 117.1) da lei de Costas, de 22 de xullo de 1988 e 210 do seu regulamento; e recibíndose no Concello, con data 15 de setembro de 2009 o informe favorable de dito ministerio, pode continuarse coa tramitación do expediente.

CUARTO: Por oficio da Alcaldía de 27 de xullo de 2009, remitiuse o proxecto de modificación puntual o Ministerio de Fomento - Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, ós efectos de emisión do informe correspondente, antes da aprobación inicial, de conformidade co disposto no art. 10.2, da lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, pola proximidade da autoestrada A-9; e transcorrendo con exceso o prazo de un mes que tiña dito Ministerio para a emisión do informe, ó non recibirse

o mesmo, pode continuarse coa tramitación do expediente de modificación puntual.

QUINTO: Con data 10 de setembro de 2009, ten entrada no Concello o oficio do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ó que xunta á DECISIÓN de 24 de agosto de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade de Avaliación Ambiental, de data 24 de xullo de 2009, sobre a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal en rúa Peirao - San Salvador.

Por todo iso, considero que pode continuarse coa tramitación do proxecto de modificación puntual, emitíndose xa o informe favorable da modificación puntual polos técnicos municipais, Arquitecto e Aparellador, o 23 de maio de 2009 e correspondendo ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, a aprobación inicial, por maioría absoluta, do proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009, promovido polo Concello, por maioría absoluta.

Somete-lo proxecto de modificación puntual a información pública durante o prazo de un mes, mediante anuncio no D.O.G., taboleiro de anuncios do Concello, e en dous xornais de maior difusión da provincia; simultaneamente e durante o mesmo prazo daráselles audiencia ós concellos limítrofes.

Unha vez practicada a información pública e antes da aprobación provisional da modificación puntual, debe remitirse o expediente completo á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia ós efectos de emisión do informe previsto no art. 94.4 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

Á vista do informe desta Comisión Superior, se o mesmo é favorable, o Concello procederá, por maioría absoluta, a aprobar provisionalmente a modificación puntual.

A aprobación definitiva corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e unha vez obtida debe de formalizarse un convenio de xestión do Plan no que afecte á zona da rúa Peirao, obxecto da modificación puntual, entre "Construcciones Bamarti, S.L." e o Concello de Poio, no que se establezan os dereitos e obrigas de ambas partes para levar a cabo a apertura e urbanización do vial."

E previa lectura do informe emitido o día 14/04/2010 polo Asesor Xurídico do Concello, que di textualmente:

“Visto dito proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO: Que o 8 de marzo de 2010, xa se informou por esta asesoría xurídica favorablemente a aprobación inicial do mesmo.

SEGUNDO: Que con data 17 de marzo de 2010 ten entrada no Concello oficio de 9 de marzo de 2010, do Enxeñeiro Xefe do Ministerio de Fomento, ó que xunta informe do Subdirector Xeral Adxunto de Conservación e Explotación, desfavorable á aprobación da modificación puntual, polos motivos que se indican no mesmo.

TECEIRO: Traslada copia do mesmo ós redactores do proxecto, con data 24 de marzo de 2010 entregan un anexo á memoria de modificación do plan xeral que se tramita, xuntando un plano 2-bis no que se indican a zona de dominio público, a aresta exterior da explanación e as liñas límite da edificación.

CUARTO: Por oficio da Alcaldía de 25 de marzo de 2010 remitiuse este anexo ó Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia,

Por todo iso, tal como se propoñía no meu informe de 8 de marzo de 2010, apartado CUARTO, ó haber transcorrido con exceso o prazo de dous meses , desde que se enviou o proxecto de modificación puntual, o 29 de xullo de 2009, de conformidade co disposto no art. 10.2, parágrafo 2º da Lei 25/1998, de 29 de xullo, de Estradas e Camiños, de non evacuarse os informes no prazo indicado entenderase o informe de conformidade co proxecto de modificación que se tramita, non surtindo efecto algún neste expediente o informe desfavorable recibido no Concello o 17 de marzo de 2010, podendo procederse á aprobación inicial do proxecto de modificación puntual.”

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello, que di textualmente:

“ Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, en cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación

urbanística e protección do medio rural de Galicia, emite o seguinte **INFORME**

1. Antecedentes de feito.

- Relación de expedientes informados para a súa inclusión na orde do día da Comisión Informativa de urbanismo a celebrar o 27 de abril de 2010:

1. Expediente de modificación puntual do PXOM do Concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador, promovido polo Concello de Poio.

• Examinado o expediente consta a documentación que se relaciona de seguido:

1. Obran no expediente informes de Secretaría de 17 de abril e 19 de xuño de 2009.

2. Certificación do acordo adoptado polo Pleno de 30 de xuño de 2009 de rectificación de erros e comunicación do mesmo con data 29 de xullo de 2009 á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, á Xefatura Provincial de Costas do Estado do Ministerio de Medio Ambiente; á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento e ao Servizo de Informes e Autorizacións Sectoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

3. Comunicación de 10 de setembro de 2009, número rexistro de entrada 4794 de 15 de setembro de 2010, da Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, Dirección General de sostenibilidade de la Costa y del Mar del Ministerio de Medio Ambiente polo que se pon en coñecemento do concello desde dito Servizo non existía inconveniente ningún para levar a cabo a modificación puntual.

4. Escrito do Subdirector Xeral de Avaliación ambiental de 24 de agosto de 2010, número rexistro de entrada 4706, de 10 de setembro de 2010, polo que se comunica a a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual.

5. Publicación de anuncio pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructura para os efectos do disposto no art. 4 da Lei 9/2006, de 28 de abril.

6. Informe do asesor de 8 de marzo de 2010.

7. Escrito da Demarcación de Carreteras el Estado en Galicia do Ministerio de Fomento de 15 de marzo de 2010, data de entrada no rexistro xeral do Concello de 17 de marzo de 2010 con número 1582 polo que se informa desvaforablemente a modificación en relación á delimitación das zonas de defensa da AP-9.

8. Con data 24 de marzo de 2010, número 1704, ten entrada escrito de Ignacio Hermo Tuñez presentando Anexo á modificación puntual para os efectos da emenda das deficiencias advertidas polo Ministerio de Fomento. Non está vidado.

9. Dita documentación é remitida ao Ministerio de Fomento para su constancia sen que se teña recibido comunicación ningunha.

10. Con data 25 de marzo de 2010, número 1753, ten entrada no rexistro xeral informe emitido pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 18 de marzo de 2010 polo que se comunica ao concelloa inexistencia de obxeccións á proposta de modificación puntual desde o punto de vista das competencias sectoriais en materia de costas.

1. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Normativa aplicable. Entrada en vigor da Lei 2/2001, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación do territorio e protección do medio rural de Galicia.

Con data 31 de marzo de 2010 publícase no DOG a Lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación do territorio e protección do medio rural de Galicia.

Entrada en vigor con data 21 de abril de 2010, haberá que ter en conta o sinalado na súa disposición transitoria primeira, parágrafo terceiro:

“4. En todo caso, as modificacións e revisións do planeamento vixente á entrada en vigor desta lei deberán axustarse ao disposto nela”.

Tendo en conta que o tenor da nova redacción establecida na lei de reforma para a disposición transitoria primeira apartado a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, para o solo urbano en municipios con planeamento non adaptado aprobado ao abeiro da Lei 1/1997, do solo de Galicia, non modifica a súa redacción orixinal, cobra especial interese verificar as disposicións en todo caso aplicables á mesma como son as referentes ás regras de tramitación previstas no art. 85 da Lei.

Para elo hai que lembrar que o presente expediente en fución do indicado pola Consellería de Medio Ambiente,

Territorio e Infraestructuras non está sometido a avaliación ambiental estratéxica.

Polo que tras a aprobación inicial plenaria por maioría absoluta do seu número legal de membros (arts. 22 e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia), o expediente de modificación puntual someterase a información pública durante un prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en un dos xornais de maior difusión da provincia.

Durante o mesmo prazo darase audiencia aos municipios limítrofes e se solicitarán os informes sectoriais que resulten necesarios a evacuar polas administracións afectadas no prazo máximo dun mes a salvo prazo maior marcado `pola lexislación sectorial aplicable (o que ten especial importancia no presente expediente por non contar no día en que se emite o presente informe, con novo informe do Ministerio de Fomento en relación ás emendas realizadas en virtude do seu informe de 1 de

A elo seguirá a aprobación provisional do Plan polo mesmo órgano colexiado, por idéntica maioría, con apertura de novo prazo de información pública se como consecuencia do devandito acordo se introducisen modificacións substanciais no seu texto.

O expediente debidamente dilixenciado remitirase á Comisión superior de Urbanismo de Galicia para os efectos establecidos no art. 94.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, quen deberá emitir o seu ditame no prazo máximo de tres meses, sendo o sentido do silencio administrativo desfavorable.

Completo o expediente e co ditame favorable da citada Comisión, elevarase á consideración da Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Infraestructuras para a aprobación definitiva no prazo máximo de tres meses se contivese a documentación e determinacións preceptivos.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (art. 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro)."

Sometido o asunto a votación, esta resulta: Votos a favor: Cinco, dos membros do B.N.G., e do P.S.O.E; Votos en

contra: Tres, dos membros do P.P., por considerar que se debe esperar a que o Ministerio de Fomento emita o infome solicitado; Abstencións. Ningún.

Polo que esta Comisión acorda informar favorablemente a aprobación inicial da modificación puntual. "

O Sr. Piñeiro Murillo explica aos asistentes que a modificación puntual foi ditaminada na sesión da Comisión que se realizou pola mañá e que as posturas están claras.

A Sra. Nieto García di que o PP vai manter o voto negativo, porque o expediente non contén o informe do Ministerio de Fomento que está pendente.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), o que supón a maioría absoluta da corporación e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación inicial ao proxecto de modificación puntual de febreiro de 2009, promovido polo Concello.

Segundo: Someter o proxecto de modificación puntual a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no DOG, taboleiro de anuncios do Concello e en dous xornais de maior difusión da provincia simultaneamente e durante o mesmo prazo daráselles audiencia aos concellos limítrofes.

3382.- PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, en virtude do disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 27 de abril de 2010 e que di o que segue: "Previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente:

" Visto o contido do mesmo, teño a ben informar o que segue:

PRIMEIRO.- A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, na su disposición transitoria 8ª establece que a

xunta remitiralle ao Parlamento no prazo de 2 anos dende a entrada en vigor desta Lei o Plan Sectorial de Ordenación do Litoral onde se recolleran as condicións específicas deste ámbito territorial.

SEGUNDO.- La Ley 6/2007, de 11 de mayo, de medidas urgentes, en materia de ordenación del territorio, en su artículo 2 establece lo siguiente respecto al Plan de Ordenación Municipal:

"Artículo 2. Plan de ordenación del litoral.

1. El Plan sectorial de ordenación del litoral a que hace referencia la [disposición transitoria octava de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia](#), tendrá la naturaleza de un plan territorial integrado regulado en la [Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia](#), al objeto de establecer los criterios, principios y normas generales para la ordenación urbanística de la zona litoral basada en criterios de perdurabilidad y sostenibilidad, así como la normativa necesaria para garantizar la conservación, protección y puesta en valor de las zonas costeras.

2. Las determinaciones del Plan de ordenación del litoral serán directamente aplicables y prevalecerán de forma inmediata sobre las del planeamiento urbanístico, que habrá de ser objeto de adaptación.

3. El procedimiento de aprobación del Plan de ordenación del litoral se ajustará a lo dispuesto en los [artículos 5 bis y 15 de la Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia](#)."

E o artigo 15 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio fixa o procedemento para probar o Plan de Ordenación Territorial, establecendo o que segue:

Artículo 15. Procedimiento.

1. Corresponde al Consejo de la Junta acordar la iniciación del procedimiento de su elaboración. El acuerdo será motivado, señalará las causas que lo justifiquen y determinará la Consejería competente para la elaboración y dirección del procedimiento, así como aquellos otros departamentos que tengan que participar en el mismo.

El acuerdo, que habrá de ser publicado en el *Diario Oficial de Galicia* y, al menos, en dos periódicos de los de mayor circulación en la Comunidad Autónoma, se notificará,

además, a los ayuntamientos afectados y a la Diputación provincial respectiva.

2. Redactado el plan territorial y antes de su aprobación inicial por el departamento director del procedimiento, se someterá a informe de las corporaciones locales referidas en el número anterior y de las entidades de carácter supra municipal con incidencia en el área, que lo evacuarán en el plazo máximo de dos meses.

3. Con el acuerdo de aprobación inicial se adoptará el de apertura del trámite de información pública por un período de dos meses, y se solicitará informe de la Delegación del Gobierno, que habrá de evacuarlo en igual plazo.

4. La Consejería que hubiese otorgado su aprobación inicial, a la vista del resultado de la información pública y de los informes producidos, acordará la aprobación provisional con las modificaciones que, en su caso, procedan. Si con motivo de las alegaciones formuladas o de los informes evacuados tuviesen que introducirse modificaciones sustanciales en relación con el documento aprobado inicialmente, podrá disponer un nuevo período de información y consulta de igual duración que el anterior.

5. Después de la aprobación provisional, corresponde al departamento que la hubiese otorgado su elevación al Consejo de la Junta de Galicia para su aprobación definitiva mediante Decreto.

TERCEIRO.- A mesma Lei 6/2007, de 11 de maio, nos seus artigos 3 e 4 e disposición adicional segunda, suspendió novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral comprendida nos 500 metros contados dende o limite interior dende a ribeira do mar por un prazo máximo de 3 años, que vai rematar o 14 de maio de 2010, a partir de dita data, durante os 4 anos seguintes non poderan aprobarse novas suspensions dos planeamentos municipais por idéntica finalidade, de aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.

"Artículo 3. Suspensión de nuevos desarrollos urbanísticos en la zona litoral.

1. Se suspende la tramitación y aprobación de los planes especiales de reforma interior, planes parciales, planes de sectorización e instrumentos de equidistribución que tengan por objeto la transformación urbanística de terrenos situados a una distancia inferior a 500 metros, medidos en proyección horizontal tierra adentro, desde el

límite interior de la ribera del mar de los municipios que se relacionan en el anexo.

2. Esta suspensión será de aplicación en las siguientes clases de suelo:

a. En todos los municipios costeros, en los terrenos clasificados como suelo urbanizable, apto para urbanizar o rústico apto para el desarrollo urbanístico.

b. En los municipios costeros con población inferior a 50.000 habitantes, en los terrenos clasificados como suelo urbano que, en el momento de la entrada en vigor de la presente Ley, no reúnan los requisitos establecidos en los [artículos 11 y 12.a](#) en relación con el [artículo 16.1 de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia](#), y, en todo caso, en los incluidos en polígonos, unidades de actuación o de ejecución.

Artículo 4. Alcance de la suspensión.

1. Las medidas de suspensión a que se refiere el [artículo 3 de la presente Ley](#) serán de aplicación en los municipios con planeamiento general no adaptado a la [Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia](#), durante el plazo de dos años a contar desde la entrada en vigor de la presente Ley, o hasta la aprobación del Plan de ordenación del litoral o del Plan general de ordenación municipal adaptado íntegramente a la [Ley 9/2002, de 30 de diciembre](#).

2. La suspensión abarca a todos los planes especiales de reforma interior, planes parciales y planes de sectorización que, en el momento de la entrada en vigor de la presente Ley, no estén aprobados definitivamente.

Asimismo, la suspensión comprende todos los instrumentos de equidistribución del planeamiento urbanístico respecto a los que, en el momento de la entrada en vigor de la presente Ley, hubiera transcurrido el plazo establecido en el instrumento de planeamiento que contenga la ordenación detallada para su aprobación definitiva o ya hubiesen transcurrido.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Modificación de la Ley de ordenación del territorio de Galicia.

Se modifica la [Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia](#), del siguiente modo:

2. Se añade un nuevo artículo 5 bis con el siguiente texto:

Artículo 5 bis. Suspensión motivada por la formulación de un

instrumento de ordenación del territorio.

1. Acordada por el Consejo de la Xunta la iniciación del procedimiento de elaboración de cualquier instrumento de ordenación del territorio, la persona titular de la consejería competente en materia de urbanismo y ordenación del territorio, de forma motivada, podrá suspender cautelarmente los procedimientos de aprobación del planeamiento urbanístico, de los instrumentos de gestión o ejecución del planeamiento y de otorgamiento de licencias para ámbitos o para usos determinados, con la finalidad de elaborar el instrumento de que se trate.

Esta suspensión habrá de publicarse en el *Diario Oficial de Galicia*.

2. La suspensión a que se refiere el número 1 anterior se extinguirá con la aprobación definitiva del instrumento de ordenación del territorio que motivó la adopción de la medida cautelar de suspensión y, en todo caso, por el transcurso del plazo de dos años a contar desde la fecha del acuerdo de suspensión, prorrogable por un año más. Extinguidos los efectos de la suspensión por aplicación de este artículo, no podrán acordarse nuevas suspensiones en el mismo ámbito y por idéntica finalidad en el plazo de cuatro años.”.

CUARTO.- Por oficio de 25 de xaneiro de 2010, o Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remitiuse ao Concello o Plan de Ordenación do Litoral de Galiza, para que o Concello puidera emitir o informe correspondente no prazo de 2 meses.

E por oficio de 10 de marzo de 2010 do Director Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, comunicase ao Concello que por resolución do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ampliouse o prazo inicial de dous meses, que no seu caso remataba o 3 de abril de 2010 en 30 días naturais mais, contados a partir desa data e que en cumprimento deste tramite solicita do Concello o correspondente informe sobre o Plan de Ordenación do Litoral de Galiza, facendo fincapé que o mesmo poderá ser

consultado na paxina web: <http://www.xunta.es/litoral/para> o seu coñecemento e análise.

Do que se deduce o prazo que ten o Concello para informar o Plan remata o día 3 de maio de 2010, data na que deberá ter entrada na Xunta de Galiza o acordo que adopte o Pleno do Concello en relación ao Plan.

Por todo isto, sen prexuízo dos demais informes que se emitan dos demais técnicos municipais ou que desexen propor os grupos políticos en representación na corporación, tendo en conta o estado inicial do Plan, dende o punto de vista xurídico, razóns de seguridade xurídica (artigo 9 da Constitución) e de Igualdade ante a Lei e en aplicación da Lei (artigo 14 da Constitución), esta asesoría considera necesario que se amplíe o disposto no artigo 3 da memoria do Plan nos seguintes aspectos:

a) Que queden excluídos tamén da aplicación do presente Plan os solos clasificados a entrada en vigor do mesmo, como urbanos non consolidados, incluídos en unidades de actuación, unidades de execución ou polígonos delimitados polo planeamento municipal respectivo, ata a adaptación do planeamento municipal ao Plan do Litoral.

b) Que queden tamén excluídos da aplicación do Plan do Litoral, os solos urbanizables ou aptos para urbanizar, delimitados por Plan xeral vixente, con instrumento de desenvolvemento aprobado inicialmente, e cuxo ámbito atopase situado fora da zona dos 500 metros, contados dende o límite de ribeira do mar, xa sexa na súa totalidade ou mais do 50% da súa superficie, ata a adaptación do planeamento municipal ao Plan do Litoral.

Todo isto co fin de manter a legalidade e vixencia do Plan Xeral de Poio ata que se aprobe definitivamente a revisión do Plan Xeral e a súa adaptación as leis do Solo de Galiza actualmente vixentes, contribuíndo con isto a unha maior seguridade xurídica dos propietarios que puideran resultar afectados coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral, e evitando diferenzas na aplicación do Plan, se non se mantén os mesmos dereitos ou expectativas que teñen actualmente os propietarios dos solos incluídos, nos urbanos consolidados, urbanos non consolidados e delimitados polo Plan e solos urbanizables e aptos para urbanizar delimitados polo Plan e que se atopen situados tal como se indica na proposta anterior. "

Previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente:

"En relación ao Plan de ordenación do litoral (POL), remitido ao Concello de Poio o 01/02/2010 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dentro do período de consultas e suxerencias previas á aprobación inicial do documento, a técnico municipal emite o seguinte informe:

• Previamente ao sinalamento, dende o punto de vista técnico, das principais alegacións ao documento do POL pola súa incidencia e transcendencia no planeamento vixente e futuro en Poio, debo sinalar os seguintes **antecedentes**:

1. Marco Normativo:

Entre a lexislación aplicable e a ter en conta tanto para a comprensión da oportunidade do POL como das alegacións a este están as seguintes:

1. Constitución española de 1978
2. Carta europea do litoral (conferencia das rexións periféricas marítimas de Xania-Creta en outubro de 1981 e ratificada polo Parlamento Europeo en xuño de 1992)
3. Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
4. Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal
5. Convenio europeo da paisaxe (20/10/2000)
6. Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
7. Lei 15/2004, de 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002
8. Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
9. Lei 7/2008, do 07 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
10. Orde do 14 de maio de 2009 (DOGA nº94, do 15 de maio de 2009)
11. Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002
12. Normativa sectorial en materia de paisaxe, augas, costas, patrimonio cultural, estradas, etc.
13. Plan xeral de ordenación municipal de Poio, vixente a partir do 26/10/2000 (actualmente, en fase de revisión para a súa adaptación á lexislación urbanística vixente)

2. Documentación remitida:

O Plan de Ordenación do Litoral, remitido o 25/01/2010 (entrada no Rexistro nº518 do 01/02/2010), consta da seguinte documentación:

14. Textos en formato dixital

15. 2 planos en papel a escala 1/200000, do modelo territorial

16. Planos dixitais a escala 1/20000 (os planos que abranguen o territorio do Concello de Poio son: BG07, BG08, BH07, BH08 e BI07)

No mes de marzo de 2010, modifícase a documentación gráfica do POL e é accesible para a súa consulta na páxina web do POL.

- Unha vez encadrado o marco normativo no que se fundamenta o POL procede a análise da súa conveniencia, do seu obxecto, do modelo proposto e a súa incidencia a nivel municipal.

1. Da conveniencia do POL:

A Constitución española de 1978 establece o dereito dos cidadáns a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo. Tamén establece que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva (artigo 45º da CE).

No ámbito europeo, no Convenio europeo da paisaxe determínase que as partes deben fixar os obxectivos de calidade paisaxística mediante a formulación por parte das autoridades públicas e competentes, para unha paisaxe específica, das aspiracións das poboacións no referente ás características paisaxísticas do seu medio.

A lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, define a ordenación do territorio como "o conxunto de criterios expresamente formulados, que regulen as actuacións e os asentamentos sobre o territorio, a fin de conseguir una adecuada interrelación entre poboación, actividades, servicios e infraestruturas co territorio galego no que se implantan, coordinando as actuacións sobre o territorio dos distintos órganos e diferentes administracións públicas".

No eido urbanístico, a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, estableceu que "dado o valor do litoral como

recurso natural e ambiental non renovable, entenderase que a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa de 500m dende a ribeira do mar afecta aos intereses autonómicos" (artigo 85.7.d) e que "a Xunta remitirá ao Parlamento, no prazo de dous anos contados dende a entrada en vigor da presente Lei, o plan sectorial de ordenación do litoral onde se recollerán as condicións específicas deste ámbito territorial" (Disposición transitoria oitava). Ditas determinacións mantivéronse na Lei 15/2004 e mantéñense na vixente Lei 2/2010 de modificación da Lei 9/2002.

No mesmo senso e motivado por algúns crecementos urbanos excesivos no litoral galego, a Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, suspendeu os novos desenvolvementos urbanísticos no ámbito dos 500m medidos terra dentro dende o límite interior da ribeira do mar (suspensión vixente ata o 15/05/2010) e, respecto do plan sectorial de ordenación do litoral que esixía a Lei 9/2002, estableceu que debía ter natureza de plan territorial integrado (regulado pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia).

Por outra banda, a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, contempla para o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, a fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

Por tanto, como instrumento de ordenación do territorio esixido na lexislación estatal, europea e autonómica, o POL é **oportuno** e, como instrumento fundamentado no interese xeral de acadar a calidade de vida da poboación mediante o desenvolvemento sostible do medio físico litoral a súa **conveniencia é evidente**, si ben tamén é evidente a necesidade de aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio que é o instrumento de ordenación do territorio por excelencia (sen entrar en consideracións de tipo xurídico que serán obxecto doutros informes deste expediente).

2. Do obxecto do POL e o modelo proposto:

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, establece como instrumentos de ordenación do territorio as directrices de ordenación do territorio (DOT), os plans territoriais integrados, os

programas coordinados de actuación, os plans e proxectos sectoriais e os plans de ordenación do medio físico.

O POL é un **plan territorial integrado** que ten como **obxectivo a definición do modelo territorial do litoral galego que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.**

O ámbito de afección acada os 500m medidos terra dentro dende o límite interior da ribeira do mar e, nalgúns casos, vai máis alá xa que continuidade da paisaxe non pode quedar interrompida pola liña "administrativa" dos 500m.

Para esta definición do modelo territorial do litoral, segundo se explica na súa documentación escrita, baséase nos aspectos identificativos do territorio como son o relevo, a litoloxía, a edafoloxía, as augas, a climatoloxía, o patrimonio natural, os usos do solo, a morfoloxía da paisaxe, as infraestruturas e a mobilidade, as dinámicas da paisaxe e os riscos e impactos.

A partir do estudo deses aspectos identificativos, o POL zonifica o territorio litoral definindo tres áreas diferenciadas segundo o grao de protección da paisaxe que son, de máis a menos protexidas:

17. De protección: intermareal, costeira, de bosque, ecolóxica e de corredor.
18. De mellora ambiental e paisaxística.
19. De ordenación.

Sobre esta zonificación e pormenorizadamente, sinala espazos de singular interese, ámbitos de recualificación e sistemas xerais de ámbito supramunicipal.

Como parte da definición do modelo territorial, o POL establece unha normativa xeral e unha regulación de usos para cada área (permitidos, autorizables e prohibidos), unhas condicións específicas para as praias e unhas fichas de unidades de paisaxe.

Por tanto, e tal e como indica no artigo 1º da súa Normativa, o **obxecto** do POL é establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

3. Da incidencia do POL a nivel municipal:

Segundo a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, "cando os plans territoriais integrados incidan sobre plans urbanísticos xa existentes, o acordo de aprobación definitiva daqueles precisará, necesariamente, os puntos concretos nos que estes quedan modificados, sen prexuízo de que os concellos afectados poidan incoa-los procedementos precisos para adaptalos ás determinacións daqueles".

A lei 9/2002 establece que "os plans de ordenación urbanística estarán vinculados xerarquicamente ás determinacións das directrices de ordenación do territorio e aos demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio, e haberán de redactarse en coherencia con todos eles" (artigo 45°.2).

Tal e como indica a Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, as determinacións do POL serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as determinacións do planeamento urbanístico, que deberá ser obxecto de adaptación a este.

Por tanto, os municipios afectados polo POL deberán adaptar o seu planeamento ás determinacións deste. Sen embargo, dada a variada casuística do estado de tramitación dos planeamentos dos distintos municipios (en fase de redacción, aprobados inicialmente, provisionalmente, en revisión, etc) e xa que non existe réxime transitorio na documentación remitida aos concellos nesta fase de suxerencias, previa a aprobación inicial, é imposible coñecer a implicación do POL sobre os planeamentos municipais inmediatamente despois de aprobado.

Segundo o artigo 3° da Normativa do POL, "ata que o planeamento urbanístico se adapte ao presente plan quedarán excluídos da súa aplicación os solos clasificados á súa entrada en vigor como urbanos consolidados, núcleos rurais ou aqueles que contén con instrumento de desenvolvemento e de xestión aprobado definitivamente". Sen embargo, ao no existir réxime transitorio no documento remitido, non se pode informar sobre os prazos dos que os concellos dispoñen para a súa adaptación ao POL. Por outra banda, independentemente do contido do artigo antedito, na documentación gráfica modificada en marzo do 2010 gráfanse cunha trama velada os solos clasificados como urbanos consolidados e núcleos rurais e por debaixo desta trama mantéñense as zonas de protección de corredor ecolóxico e as de bosque.

Segundo isto, no caso do plan Xeral de Poio (aprobado segundo a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, pero totalmente vixente) aos solos clasificados como urbanos consolidados, núcleos rurais e solos con instrumento de desenvolvemento aprobado definitivamente, quedarían excluídos da aplicación do POL.

Sen embargo, debe de terse en conta que o PXOM de Poio está actualmente en fase de revisión para a súa adaptación á lexislación urbanística vixente, polo que ao novo plan sonlle de aplicación as determinacións do POL que, si ben non clasifica o solo, establece limitacións para a nova clasificación dos solos. Na revisión do PXOM nuns casos, non se modificará a actual clasificación do solo (por exemplo, no caso do solo urbano xa que a súa clasificación é un acto regrado) pero, noutros casos, si cambiará a clasificación xa que o POL determina diferentes proteccións que derivarán en clasificacións de novos solos rústicos (é o caso de terreos sen edificar clasificados actualmente como solo de núcleo rural, que poderían quedar fóra do núcleo non só por aplicación dos criterios de clasificación da Lei 9/2002 modificada pola Lei 2/2010 senón pola existencia dunha protección das definidas no POL.

Os solos urbanos non consolidados sen instrumento de desenvolvemento aprobado non estarían exentos da aplicación do POL.

Outro tema son os solos urbanizables. Por unha banda, no desenvolvemento do planeamento actual de Poio existe o solo rústico apto de Raxó co plan de sectorización aprobado definitivamente e a tramitación do proxecto de equidistribución suspendida por estar parte do seu ámbito na franxa dos 500m afectado pola suspensión da Lei 6/2007 prorrogada un ano máis. Nada se di na Normativa do POL sobre o planeamento de desenvolvemento en tramitación nin sobre o réxime indemnizatorio no caso de posibles reclamacións por responsabilidade patrimonial ao Concello.

Por outra banda, na revisión do PXOM, a clasificación dos solos urbanizables terá en conta ámbitos nos que poderán existir zonas protexidas (de bosque, corredor ecolóxico, etc) libres da edificación e que deberán definirse como sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes. Ditos solos só se poderán clasificar nos ámbitos definidos no POL como "de ordenación". Dada a escala da documentación gráfica remitida parece que será no planeamento onde se delimiten as superficies exactas das zonas protexidas, delimitación que estará supeditada á autorización autonómica preceptiva.

Por outra banda, respecto dos usos en cada área de protección, do tipo que sexa, establecendo usos permitidos, autorizables ou prohibidos, se o obxectivo do POL é o sinalamento de condicións xerais, o grao de pormenorización dos usos na súa Normativa non é xeral senón moi regulamentista. Ademais, o sometemento das actuacións á autorización autonómica previa repercute na pouca axilidade dos expedientes en prexuízo dos administrados. Igualmente, resaltar o prexuízo que lles producirá a tramitación da avaliación ambiental en cada caso.

- Analizado o contido do POL cómpre informar sobre a súa afección sobre o territorio do Concello de Poio e o establecemento dunha serie de consideracións a ter en conta como posibles alegacións ou suxerencias ao POL.

Para isto e partindo da base de que o POL fundaméntase no interese xeral, debo dicir que os aspectos sinalados a continuación teñen por obxecto servir para a mellora do POL como documento e poñer de manifesto a necesidade de aclaración de certos aspectos da súa aplicación. Todo isto, sobre aspectos concretos do ámbito do Concello de Poio.

1. Respecto da información xeográfica:

O modelo territorial do POL basease no estudo dos aspectos identificativos do territorio como son o relevo, a litoloxía, a edafoloxía, as augas, a climatoloxía, o patrimonio natural, os usos do solo, a morfoloxía da paisaxe, as infraestruturas e a mobilidade, as dinámicas da paisaxe e os riscos e impactos e suponse o emprego de tecnoloxía avanzada para a plasmación desa información na confección da documentación gráfica.

Sen embargo, aínda coa corrección do código de cores da lenda, a escala empregada do 1/20000 produce imprecisións na translación da información.

Nunha revisión xeral dos planos BG07, BG08, BH07, BH08 e BI07 e superpoñendo os planos do PXOM de Poio, atopáronse erros gráficos xerais como:

20. Emprazamento dos sistemas xerais de comunicacións (desprazados respecto do seu emprazamento real).

21. Emprazamento de bosques inexistentes (tendo en conta a definición de bosque do POL).

22. Sinalamento da hidrografía do municipio e a súa protección (tendo en conta o concepto de conca drenante) en casos de ríos canalizados hai tempo, presas de rego

sinaladas como ríos e incluso regatos secos durante todo o ano.

23. Sinalamento pouco rigoroso de elementos catalogados, xa inventariados no Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, aprobado definitivamente no ano 2001, coa autorización previa da Consellería de Cultura.

24. Erros na toponimia en xeral.

25. Non correspondencia entre o concepto de asentamento tradicional (no senso de orixe fundacional non de tipoloxía) e a realidade dos asentamentos. Igualmente, cos demais conceptos de crecementos periféricos, novos asentamentos, novas agrupacións e outros.

26. Non sinalamento de puntos de observación como os existentes no monte Castrove.

Estes erros favorecen á falla de rigor do documento que debe de ser interpretado, ben ou mal, polos interlocutores.

Respecto da información cartográfica, cabe sinalar que o Concello remitiu á Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe a cartografía do termo municipal en formato dixital, realizada no ano 2009, e que está a servir de base na revisión do PXOM. Igualmente, remitiuse a ortofoto do concello. (Saída do Rexistro nº775, do 03/03/2010).

Respecto dos elementos de patrimonio arqueolóxico e cultural, xa que existe o Catálogo de edificios e conxuntos do Concello de Poio, que pormenoriza os elementos a protexer e o seu nivel de protección, debe de valorarse si o POL debe de "protexer" á súa vez os elementos xa protexidos pola súa propia lexislación estatal, autonómica e/ou municipal. Si é así, o POL debería de explicar o criterio ou grao de importancia segundo o cal sinala uns elementos e outros non.

Respecto dos bosques ou masas arbóreas sinaladas como superficies a protexer, reiterar a falla de rigor xa que nalgúns casos son inexistentes e incluso si existiron a súa tala foi autorizada pola administración competente na materia polo que se supón que non reunían as condicións necesarias para ser protexidos. O emprazamento polo miúdo das masas arbóreas susceptibles dunha protección de bosque debe de ser o resultado dun traballo de campo igualmente pormenorizado, traballo que a nivel municipal e cos medios humanos e técnicos actuais non é viable de xeito inmediato.

Esta circunstancia pódese facer extensiva ao emprazamento dos elementos hidrolóxicos do municipio que

conlevaría unha mellor definición das superficies de protección de corredor ecolóxico.

2. Respecto dos núcleos de identidade do litoral, das unidades de paisaxe e das praias:

O POL define nos anexos do Título VII as denominadas unidades de paisaxe, os núcleos de identidade do litoral e as praias. Os relativos a o municipio de Poio, encádranse no sector da ría de Pontevedra.

No anexo I, o POL establece a illa de Tambo como espazo de interese paisaxístico (núm. 83).

No anexo II, o POL clasifica tres núcleos de identidade do litoral (NIL) que son: Raxó, Combarro e Campelo (núm. 35, 36 e 37), incluídos nas unidades de paisaxe do mesmo nome, respectivamente, e nos tipos de unidade de paisaxe B1, vertentes de pendente moderada (Raxó e Campelo) e D1, paisaxes de esteiro (Combarro).

No anexo III, enuméranse as praias do concello de Poio (da núm. 307 á núm. 320) e asígnaselles unha categoría, a unidade de paisaxe á que pertencen e a tipoloxía da unidade de paisaxe.

Ao respecto, o interese da Illa de Tambo é indiscutible. A consideración dos núcleos de Raxó, Combarro e Campelo como núcleos de identidade do litoral entendidos como "asentamentos tradicionais" de situación "estratéxica no borde costeiro" e que constitúen "referentes de identidade urbana e territorial" tamén.

Será o planeamento municipal o que estableza as condicións edificatorias destes núcleos adaptándose as determinacións xerais do POL e tendo en conta as distintas proteccións na delimitación dos NIL e establecendo uns criterios específicos de integración paisaxística para cada actuación prevista.

Tendo en conta que nas distintas áreas de protección os usos edificatorios de nova creación están prohibidos e a rehabilitación, a renovación ou a reforma son autorizables exclusivamente no caso de edificacións que sexan recollidas no planeamento territorial ou urbanístico como elementos de interese integrantes do patrimonio cultural, paisaxístico e etnográfico do litoral, nos que se admitirá o cambio de uso para fins de dotacións públicas ou establecementos hoteleiros, hoteis rurais e de restauración conforme aos artigos 34, 38 e 43 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, non se especifica na Normativa do POL

os casos de obras en edificacións existentes que non sexan elementos de interese cultural, paisaxístico ou etnográfico do litoral. Xa que no artigo 60º da Normativa do POL, relativo a obras sobre edificacións existentes, só se refire a aquelas edificacións que resulten de interese en atención á existencia de valores catalogados ou ao seu carácter tradicional ou etnográfico. Cabe pensar nestas edificacións como un "tipo" de edificacións en situación de fóra de ordenación.

Respecto das praias, existen erros de toponimia e de situación. Son os seguintes casos: a 308 Seorto é Xiorto; a 311 Porteira é Portería, a 307 Chacela é Chancelas; a 321 Cabeceira e a 322 Cabaseira, son a mesma praia, Cabeceira.

3. Respecto dos desenvolvementos urbanísticos

Xa que o PXOM está en fase de revisión, seralle de aplicación os criterios xerais e as condicións específicas que determina o POL nos que primará o criterio de integración paisaxística e o de calidade ambiental así como o criterio xeral de fomento da rehabilitación e renovación das edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes.

Nas áreas de mellora ambiental permitiranse os crecementos urbanísticos dende aqueles asentamentos considerados tradicionais (orixinais) ou de carácter funcional. Toda vez que a escala gráfica dos planos do POL non permite unha delimitación precisa destes núcleos, queda remitido ao planificador esta delimitación.

• Conclusións.

Como resumo do exposto e dende o punto de vista técnico e da aplicabilidade do POL, suxiro que nesta fase o documento require un estudo máis profundo e máis polo miúdo dos elementos identificativos do territorio, xa que conlevará á redefinición dos ámbitos das áreas de protección (cando menos as de bosques, ecolóxica e de corredor) e de mellora ambiental e paisaxística.

Por outra banda, xa que nesta fase de tramitación do documento non se coñece o réxime transitorio do POL dáse unha situación de inseguridade na información aos cidadáns sobre a aplicación dos criterios do POL. Faise extensiva a inseguridade no que respecta á revisión do planeamento municipal.

Respecto dos erros detectados na documentación remitida, no ámbito do territorio litoral de Poio suxiro a

realización dun traballo de campo pormenorizado desenvolvido pola administración promotora do POL conxuntamente cos técnicos municipais e o equipo encargado da revisión do PXOM, segundo o principio de colaboración entre administracións, pero tendo en conta a maior capacidade da administración autonómica e a maior limitación técnica da administración local.

Por último, a suxerencia de que se teñan en conta os comentarios a cada un dos puntos analizados (sen prexuízo doutras consideracións de carácter xurídico)."

Esta Comisión acorda que se pase dito Plan ó Pleno do Concello para tomar a resolución que corresponda.

Os membros do B.N.G., e do P.S.O.E., propoñen solicitar que se retire o Plan e que se reelabore un novo plan con mais traballo de campo xa que non se axusta á realidade.

Sometida a proposta a votación, esta resulta: Votos a favor: Cinco, dos membros do B.N.G., e do PSOE, votos en contra: Tres, dos membros do P.P.Abstencións. Ningún. E que se pase ó Pleno. "

Consta a sí mesmo no expediente informe da secretaria do 27 de abril de 2010.

Con esa mesma data e número de rexistro 2373, ten entrada escrito de alegacións presentadas polos veciños do polígono 35 sito en Poio de Arriba, San Salvador (Poio).

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Nieto García e manifesta que a proposta do equipo de goberno é retirar o Plan de Ordenación do Litoral e nos votamos en contra porque non queremos a retirada e traemos suxerencias para que se traten nesta sesión.

O Sr. Barreiro Lubián di que o Grupo do BNG considera que o documento debe retirarse , atenta contra a autonomía municipal, fixa as clasificacións do chan inapropiadas para un plan de ordenacion. Unha serie de usos que tampouco son competencia do POL e vai máis alá dos 500 metros e fai unha serie de valoracións que no son acordes.

Por outro lado, o POL afecta a un 74% do territorio e deixa fora vivendas, os criterios que realizaron para fixar as zonas de protección son dubidosas, non sabemos os criterios utilizados, todo é un despropósito cando son territorios das mesmas características. Parece que esta feito con equipos diferentes, con criterios diferentes.

O propio documento di que non afecta a núcleos urbanos, rurais, pero todo iso mentres non se revisen os planeamentos. Non se sabe se os municipios que acaban de aprobar o planeamento vanse a ver suxeitos ao P.O.L.. En Poio como se vai revisar supoñemos que o POL aplicarase de inmediato ao aprobar o expediente.

En canto aos usos, por exemplo na área Mellora Medio Ambiental, so se podería construír vivendas de turismo rural.

Fixan como área protección aos regatos: Fonte Pateira en Saiñas, fixan unha protección de 150 m. Parécenos excesivo e como este, outros casos máis graves.

Creemos que no documento para ordenación do litoral, que debería ser moi importante, o que se está é facendo un documento á presa.

Creemos que vazle a pena facelo con calma e propoñemos que se retire porque non ten sentido o desfase que ten coa normativa, e que se refaga.

O Sr. Agís Gómez di que a repercusión é brutal do documento para os concellos é brutal e así tenderán a non aprobar os planeamentos para que o POL non se aplique. Un dos aspectos en que se incide é na colaboración dos concellos e neste caso colaboración ata o momento non houbo e nóstase en que non ten coherencia co plan actual.

Os corredores ecolóxicos non responden a criterios lóxicos, amplíanse e redúcense sen criterio aparente, non se entende. Fomentar a dispersión e o feísmo con zonas que van quedar a medio facer. Determinadas zonas que están consideradas como núcleos ou zonas urbanas carecendo de sentido algún. Deberían ter un crecemento razoable sen quedar eses vacíos.

Cando se fai un plan como este deberíase ter en conta as repercusións socio económicas que se deben ter en conta e non se teñen.

Os barrios cercanos ao mar: Campelo, Combarro, Raxó... en Combarro os asentamentos. varían en función de non sei qué criterios. Creemos que deberían vir e ver a realidade física de Poio. O encaixe é moi negativo é prexudicial.

A Sra. Nieto García di que o Plan de Ordenación do litoral remitido aos concellos no mes de febreiro do presente ano é un documento de inicio para o seu estudo e elaboración de suxerencias e rectificación de erros que

poidesen existir, previo á aprobación inicial do documento. Polo tanto, o PP propón as seguintes aclaracións ao documento remitido:

1º.- En canto á redacción do artigo 3 da normativa do plan, sugerimos que se amplie e se deixe claramente definido que quedan excluídos do ámbito de aplicacións os solos urbanos non consolidados, incluídos en unidades de actuación ou de execución ou polígono delimitados no noso Plan xeral, ata a adaptación ao POL. Ao igual que os solos urbanizables con instrumento de desenvolvemento aprobado inicialmente. Da totalidade dos núcleos non consolidados refelexados no plano enviado, algúns están totalmente desenvolvidos e executados. Ademais, os urbanos consolidados e núcleos rurais, que aparécen mencionados no propio artigo.

2º.- Que se inclúan as sugerencias mencionadas no informe realizado pola arquitecta municipal en relación á:

* erros gráficos detectados por esta técnica respecto da información xeográfica.

* As aclaracións sobre os núcleos de identidade do litoral.

O Sr. Barreiro Lubián di que todo parece perfecto, pero que sexa iso porque non sei que se pode protexer en Tarrío, Cela ou Fragamoreira e todos estamos de acordo en que é necesario un documento pero non este documento.

Respecto das suxerencias do PP equivocáronse vostedes, se leron o artigo 3 non ten nada que ver co que din, déronlle a volta pero seguen dicindo o mesmo. Isto é unha mala interpretación da mesma liña.

A Sra. Besada Lores di que nos estamos de acordo co POL pero debería de ser un texto consensuado cos 3 grupos políticos e pregunto se o PP está de acordo coas afeccións de 300 e 400 m. dos ríos de Poio e se están de acordo co plan tal e como está.

A Sra. Nieto García di que nos presentamos nas suxerencias e non estamos de acordo coa retirada. Nos non entramos nos metros.

O Sr. Alcalde aclara os termos da votación: informar desfavorablemente o documento remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras aos concellos solicitando a súa retirada, remitíndo xunto co acordo que así se adopte, informes e todas as alegacións presentadas e

incorporadas ao expediente xunto coas suxerencias do grupo municipal do Partido Popular.

Sometido a votación ordinaria, ó abeiro do establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e no art. 15 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio, polo voto favorable dos sete membros do grupo municipal do BNG e tres do grupo municipal do Psg-PSOE e sete votos en contra do grupo municipal do PP, o Pleno ACORDOU:

Primeiro.- Informar desfavorablemente o Plan de Ordenación do Litoral instando así da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a súa retirada para os efectos da formulación dun plan máis acorde coas necesidades e realidade existente na Comunidade Autónoma.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo xunto cos informes técnicos, alegacións presentadas polos veciños e suxerencias realizadas polo grupo municipal do PP, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras dentro do prazo marcado polo art. 15 da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio, ampliado segundo comunicación da devandita Consellería de 10 de marzo de 2010, número rexistro de entrada 1513 de 15 de marzo de 2010 pola que se pon en coñecemento do concello que o prazo inicial que tería rematado o 3 de abril de 2010 ampliábase por un mes máis.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria xeral, dou fe.